Universidade Vigo

Xerencia

Edificio Exeria
Campus de Vigo
36310 Vigo
España

Tel: 986 8 13560
Fax: 986 8 12060
www.uvigo.es
xerencia@uvigo.es

INSTRUCIÓN DA XERENCIA 9/2019, DO 17 DE XUÑO, SOBRE O PROCEDEMENTO DE CONTRATACIÓN DE SERVIZOS DE VIAXES

I.-Antecedentes

Con data 15 de xuño de 2018 asinouse un contrato marco con VIAJES EL CORTE INGLÉS, S.A. (en diante Viajes ECI) empresa adxudicataria do expediente 308/18.

II.-Instrución

Con data 15 de xuño de 2019 vence o contrato asinado con Viajes El Corte Inglés, polo que a partires deste momento a Universidade poderá contratar libremente coa axencia de viaxe que considere máis axeitada para satisfacer as necesidades, sempre que se cumpra co establecido na Lei de contratos 9/2017 (límites de 15.000,00€+IVE por ámbito ou de 50.000,00€+IVE por ámbito no caso de actividades directas de investigación).

Por todo elo, e para garantir o establecido nesta lei, será imprescindible crear o pedido correspondente e envialo a U.R.G. antes da contratación definitiva da viaxe, de xeito que o sistema poida comprobar os límites asociados á contratación menor.

III-Ámbito temporal

Esta instrución ten carácter temporal, xa que se está a traballar para definir un prego técnico que marque as condicións na contratación de viaxes con máis dun adxudicatario para garantir os principios da Lei de contratos 9/2017 que se espera licitar a finais do exercicio 2019.